



A Xunta adxudica a nova depuradora de Sergude por 1,67 millóns de euros

A futura depuradora de Sergude está xa máis preto de ser unha realidade. A Xunta, a través de Augas de Galicia, adxudicou á empresa Vázquez y Reino, SL as obras de construción da futura infraestrutura por 1,67 millóns de euros. O prazo de execución ascende a un total de 12 meses.

O proxecto prevé a execución dunha Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) e colectores que darán servizo á poboación das parroquias de Sergude e Lestedo. A nova planta permitirá triplicar a capacidade da EDAR actual, chegando ata os 3.000 habitantes.

“Trátase dunha infraestrutura moi necesaria e que permitirá mellorar os servizos básicos das dúas parroquias máis poboadas

do noso municipio”, indica o alcalde do Concello de Boqueixón, Manuel Fernández Munín.

A nova EDAR construírase a carón da actual, nuns terreos cedidos polo Concello de Boqueixón. A futura infraestrutura incluírá os seguintes procesos: liña de auga, liña de fangos e redes auxiliares de proceso.

O proxecto desta nova infraestrutura inscribítese no marco do convenio de colaboración asinado por Augas de Galicia co Concello de Boqueixón. Dito acordo foi a base para a redacción e a posterior aprobación e adxudicación da EDAR de Sergude.

Dacordo co devandito convenio, o organismo autonómico encargouse de achegar a maior parte do financiamento e de contra-



Visita aos terreos nos que se habilitará a nova depuradora en agosto de 2019

tar a execución das obras, mentres que ao Concello boqueixonés lle correspondeu o cofinanciamento, a xestión (e cesión) dos terreos para a futura planta de tratamento de augas residuais, así como a asunción da súa conservación e

explotación unha vez rematados os traballos.

As actuacións contan co cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Boqueixón destinará case 264.000 € a arranxos en estradas

A Corporación de Boqueixón deu luz verde no pleno extraordinario celebrado en febreiro ás actuacións do Plan POS+ 2021 e ás contempladas dentro do POS+ 2021 Complementario. A través deste plan da Deputación da Coruña, o Concello de Boqueixón investirá preto de 264.000 euros que se destinarán a tres proxectos de mellora nos firmes

viarios de sete parroquias do municipio.

Sobre estes proxectos, o alcalde boqueixonés, Manuel Fernández Munín, indicou que as propostas seguen “un dos obxectivos cos que traballamos dende que estamos no goberno, que é a aglomeración das vías transversais co fin de favorecer a vertebración do municipio”. Precisamente para acadar

a axeitada vertebración do territorio realízanse “investimentos en mantemento daqueles vias que precisan arranxos de xeito máis urgente”.

Nesa liña de dar cobertura ás necesidades máis acuciantes, tamén se plantexaron os proxectos que se inclúen no POS+ 2021 Complementario. Segundo explican dende o executivo boqueixanés, “as

propostas de actuacións son consecuencia do traballo constante de análise realizado polo equipo de goberno e a selección, en base aos criterios de necesidade, equilibrio territorial e vertebración municipal”. Así, inclúense un oito proxectos de mellora de firme de viarios que se acometerían nas sete parroquias, por importe de case 430.000 euros.

A EIM Raíña Lupa abre ata o 31 de marzo o seu prazo de matriculación

A Escola Infantil Municipal (EIM) Raíña Lupa de Boqueixón ten aberto ata o día 31 o prazo de solicitude de prazos de novo ingreso e renovacións para o vindeiro curso 2021/2022. As solicitudes, que se acompañarán da documentación correspondente, presentaranse pola sede electrónica do Concello <https://sede.boqueixon.com/opencms/es/> ou no rexistro xeral municipal. Para este último caso, e debido á crise sanitaria actual, será obrigatorio solicitar cita previa no teléfono 981 513 106.

As persoas solicitantes deben estar empadroadas. A idade mínima é de 3 meses na data de ingreso e a máxima é de menos de 3 anos a 31 de decembro de 2020. Toda a información, na web.

Aprobada unha partida de máis de 125.000 euros para destinar a gastos sociais extraordinarios

A Corporación de Boqueixón aprobou por unanimidade o POS+ Adicional para gastos sociais extraordinarios. Así, reforzase o investimento no Departamento de Servizos Sociais cun total de 125.584,38 euros procedentes deste plan da Deputación da Coruña.

Segundo explicou o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, a maior parte do investimento -87.584,34 euros- “destinarase a ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, prestando especial atención á de libre concorrencia. Neste senso, buscamos dar cobertura a aquelas persoas que solicitaron esta axuda no 2020 e que aínda non a teñen resolta. Pola infor-

mación que nos trasladan dende o Departamento de Servizos Sociais, xa contamos con catro persoas en lista de agarda”, explicou.

Tamén nesta partida se contempla “a posibilidade de crear un servizo de estimulación cognitiva a través de medios telemáticos”. Trátase dun novo proxecto no que están a traballar dende o Departamento de Servizos Sociais e co que se pretenden seguir ofrecendo actividades ás persoas usuarias dos distintos programas, adaptándose, deste xeito, ao actual contexto sociosanitario.

Por outra banda, reservaranse 15.000 euros para ampliar as partidas destinadas ás persoas e familias en risco de exclusión social. Así, buscarase

asegurar a cobertura de necesidades básicas como son a vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos. Con 12.000 euros o POS+ Adicional contempla axudas a familias para facilitar a escolarización. O rexedor indicou que, neste caso, “as partidas se centrarían na adquisición de equipos informáticos e no favorecemento do acceso á internet”.

O Plan complétase cunha partida de 6.000 € para a adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente ao persoal de Servizos Sociais e a persoas usuarias dos programas que non contén cos medios para adquirilos. Finalmente, resérvanse 5.000 € para casos de emerxencia social.



Entroido Activo con variadas propostas de lecer para a cativada

Un total de 9 nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria participaron no programa de conciliación familiar Entroido Activo. Entre as variadas propostas de lecer atopáronse a creación dun mural conxunto entre os tres grupos formados co fin de cumprir con todas as medidas de prevención contra a expansión da COVID-19. Ademais, realizáronse distintas máscaras traballando as emocións e tamén un obradoiro de filloas, contacontos ou xogos musicais.

Boqueixón e Vedra reúnen-se para perfilar o proxecto do centro de día compartido

Os alcaldes de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e de Vedra, Carlos Martínez Carrillo, mantiveron un encontro coas Traballadoras Sociais de ambos os dous municipios, Ana Anta e Ana Aldrey, respectivamente, co fin de sentar as bases para concretar as principais liñas a seguir para a redacción do proxecto para a creación do centro de día compartido.

Nesta primeira reunión, plantexáronse dúas posibilidades sobre o modelo de atención: a posta en marcha dun centro de día compartido ou a incorporación a maiores dunha pequena residencia. Para concretar esta cuestión, as técnicas de Servizos Sociais iniciasen as tarefas de elaboración dunha memoria sobre o servizo de proximidade que se axuste máis ás ne-



Pola esquerda, Ana Anta, Manuel Fernández Munín, Carlos Martínez Carrillo e Ana Aldrey durante o encontro

cesidades da poboación de ambos os dous municipios. Como complemento, iniciarán unha rolda de contactos con distintos profesionais. Este labor materializarase nunha memoria técnica do proxecto que se presentará, previsiblemente, no vindeiro mes de xuño.

Pola súa banda, os rexeidores reuniranse cos ser-

vizos urbanísticos para estudar a viabilidade desta iniciativa conxunta, así como outras cuestións relativas á xestión conxunta do servizo. Ademais, porase en marcha unha comisión específica de seguimento.

Esta iniciativa xurde do acordo unánime de ambas as dúas Corporacións municipais. Os alcaldes

lembraron “a importancia de contar cun servizo de proximidade como este, xa que existe unha demanda real por parte das familias, nalgúns casos, con persoas cun grao de dependencia avanzado”. Unha necesidade que ambos os dous rexeidores trasladaron tamén á conselleira de Política Social, Fabiola García.

O CIM de Boqueixón organiza un programa especial polo 8M

O Centro de Información á Muller (CIM) de Boqueixón organiza, con motivo do 8M, Día Internacional da Muller, un programa especial dirixido a escolares de Educación Primaria e Secundaria.

Así, e dentro do programa gratuito *Venres de Lecer*, ofreceranse tres xornadas nas que se tratará dun xeito divertido a temática da igualdade. As propostas desenvolveranse o 5, 12 e 26 de marzo pola tarde. As temáticas varían en función das temáticas a tratar dentro de cada unha destas sesións.

As prazas son limitadas e, dada a situación sanitaria actual, adoptaranse todas as medidas de prevención contra a expansión da COVID-19. As persoas interesadas deberán inscribirse ata tres días antes do comezo de cada actividade ao enderezo electrónico cim@boqueixon.com ou chamando ao teléfono 981 513 115.

A primeira xornada comprenderá a celebración do obradoiro *CoñecendoAS*. A actividade está dirixida a alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria (EP). Ofrecerá un Memori-

Xigante que servirá como ferramenta para crear un espazo de reflexión sobre como predispoñen os xogos e xoguetes a elección das profesións.

A segunda xornada, dirixirase a escolares de 3º e 4º de EP. Baixo o título *Non me chames princesa*, este obradoiro incluirá dinámicas teatrais e a realización dunha chapa.

A última sesión será dobre. De 15.30 a 17.15 horas ofrecerase o obradoiro *Igualdade Express*, dirixido a alumnado de 5º e 6º de EP. A modo de *Pe-kín Express*, plantexarase

distintas probas a superar para chegar á meta.

Entre as 18.15 e as 20.00 horas ofrecerase o Scape School, que está dirixido ao alumnado de Educación Secundaria. Trátase dunha sesión de escape con perspectiva de xénero. As persoas participantes deberán atopar as chaves que lle permitirán abrir os cadeados.

Este programa conta co apoio da Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia e do Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad.



Sobre estas liñas a representación do atranque realizada en Sergude, á esquerda, e o atranque dos Xenerais da Ulla realizado en Lestedo

Os Xenerais da Ulla apostan por un Entroido Virtual para manter a tradición

A situación sanitaria impediu que o Entroido de Boqueixón se celebrase como en anteriores ocasións. Non por iso, as parroquias de Sergude e Lestedo -referentes desta tradición no municipio- renunciaron a deixar a súa pegada nunhas circunstancias tan excepcionais. Neste senso, estreouse unha renovada web dos Xenerais da Ulla (www.xeneraisdaulla.gal) que ofrece todo tipo de recursos sobre este Entroido tradicional que se celebra en oito municipios da bisbarra.

A maiores, dende ambas as parroquias de Sergude e Lestedo decidiron apostar polo formato en liña para manter, polo menos de xeito simbólico, esta edición truncada pola pandemia.

A primeira representación tivo lugar o propio Domingo de Entroido, coincidindo coa data na que se celebraría na parroquia de Sergude. Con Ludi Balado e Anxo Otero como protagonistas, ofreceuse



A representación en Sergude lembrou a figura do Xeneral 'Patillas'

Homenaxe póstuma a *Patillas*

A representación en Sergude serviu tamen para realizar unha homenaxe a José Pérez Cerdeira, máis coñecido como *Xeneral Patillas*. Faleceu a finais do ano pasado, polo que neste atranque virtual quixeron lembrar á súa grande contribución ao mantemento do Entroido da Ulla, colaborando na transmisión oral desta tradición durante máis de medio século coas súas coplas. José Pérez recibira xa unha homenaxe no 2006 por parte do Concello.

unha breve representación dun atranque entre unha vella e un xeneral. Esta desenvólvese nas instalacións do Centro de Cabalo Pura Raza Galego, en colaboración co presidente da asociación, Xacobe Pérez.

Non faltaron nas coplas as alusións á situación sanitaria, nin tampouco a unha xornada de San Valentín, que coincidía coa celebración do Entroido.

O Domingo de Piñata foi a quenda dos Xenerais de Lestedo. Nesta ocasión, o alto foi interpretado por Uxía Canabal e Xulián Vázquez, en cuxas coplas tamén se incluíron referencias á COVID-19. Coa retranca que caracteriza os altos dos Xenerais da Ulla, fíxose alusión á necesidade de manter as medidas de prevención e seguridade para combater a expansión do virus. Finalizou este atranque virtual cunha lembranza á exaltación gastronómica na por excelencia desta parroquia: a Festa da Filloa de Lestedo.

A Festa da Filloa de Lestedo, en liña

En tempos de pandemia, as novas tecnoloxías son as grandes aliadas para todas as celebracións. E no caso da Festa da Filloa de Lestedo non foi menos. Dado que a celebración presencial da 38 edición desta exaltación gastronómica non se puido desenvolver, dende a Asociación Cultural da Filloa de Lestedo, en colaboración co Concello de Boqueixón, apostouse por conmemoralala dun xeito virtual.

Así, e co fin de manter presente o produto rei da parroquia, apostouse por poñer en marcha o certame fotográfico *Filloarte*. Esta iniciativa desenvolveuse a través da páxina de Facebook da Festa da Filloa de Lestedo (<https://www.facebook.com/filloaoficial>). Elaboración de filloas, presentacións emplatadas e creatividade en base a este produto estrela do Entroido foron as temáticas en torno as cales se presentaron máis de medio cento de imaxes procedentes de distintos puntos do municipio, da bisbarra, e incluso dende a Arxentina.

Elevada interacción

A estrea do álbum fotográfica do *Filloarte* realizouse coincidindo co día grande da Festa da Filloa de Lestedo. Deste xeito, tentouse recrear a omnipresencia deste produto durante toda a celebración, ao tempo que se fomentou a interacción con outras persoas a través desta rede social. Non en van, algunhas das imaxes participantes acadaron máis dun milleiro de *gústame* e numerosos comentarios nos que se gaba o bo facer das persoas par-



A Festa da Filloa de Lestedo estreou unha páxina web con cumprida información sobre esta exaltación gastronómica



Vista parcial do álbum fotográfico publicado na páxina de Facebook da Festa da Filloa polo concurso 'Filloarte'

ticipantes neste concurso.

O certame, cuxo período de votacións finaliza o 7 de marzo, establece tres premios, que se materializarán en distintos vales de compra para canxear nos establecementos de Boqueixón. Así, a foto con máis *gústame*, levarase un vale de 200 euros, mentres que a segunda clasificada se levará 100 euros, e a terceira, 50 euros.

Dende a Asociación da Festa da Filloa de Lestedo amosaron a súa satisfacción pola excelente resposta do público. "Isto permitiunos que a filloa estivese presente en distintos recunchos, conmemorando, deste xeito, a 38 edición da celebración", in-

dican dende a organización desta cita.

Nova páxina web

Por outra banda, o programa virtual da Festa da Filloa de Lestedo tamén incluíu a estrea dun atranque virtual dos Xenerais da Ulla. A maiores, creouse unha páxina web propia (www.festadafilloadelestedo.gal) na que se pode atopar todo tipo de información arredor desta exaltación gastronómica.

O novo portal web contén, ademais, imaxes das edicións máis recentes da Festa da Filloa de Lestedo, así como un apartado específico adicado a imaxes antigas, pertencentes aos comezos da celebración.

Do mesmo xeito, ofrécese a receita tradicional das Filloas de Lestedo para que as persoas interesadas poidan aplicala nos seus fogares. A web tamén inclúe datos sobre a evolución na elaboración das Filloas de Lestedo (dende o tradicional uso da faísca para quentar o filloeiro chegando á actual tixola ou á máquina artesanal que tanta expectación causa entre as miles de persoas que ano tras ano se dan cita no Campo da Feira.

Complétase este espazo en liña con referencias aos amplos recursos turísticos, hoteleiros e hostaleiros dispoñibles na parroquia de Lestedo e no conxunto do municipio boqueixonés.

A Casa da Cultura de Camporrapado retoma a súa actividade cultural

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá este mes dúas representacións teatrais dirixidas a público maior de 12 anos. A primeira sesión terá lugar o domingo 21 de marzo ás 18.00 horas con *Running*, de De Ste Xeito Producións, unha obra que trata en ton de humor o desenfreno da vida actual. O domingo 28, no mesmo horario, estrearáse *Tabú*, de Tarabela Creativa, unha actuación programada co gallo do Día da Muller e que fai un repaso á erótica e sexualidade da mocidade das nosas avoas.

As entradas son de balde, previa reserva en cultura@boqueixon.com ou no teléfono 981 513 115. Para a primeira sesión, o prazo de reserva finalizará o día 18, mentres que no segundo, o día 26.

Boqueixón promove a creación dun Marketplace do comercio

O Concello organiza para o vindeiro 15 de marzo unha reunión informativa para presentar o proxecto Marketplace Boqueixón. Trátase dunha iniciativa que ten como obxectivo a creación dun sitio web de comercio electrónico no que se porían á venda os produtos dos distintos establecementos comerciais do municipio a través dunha mesma plataforma. A xestión do comercio electrónico sería de balde.

A sesión informativa desenvolverase na Casa da Cultura de Camporrapado ás 20.00 horas. A asistencia é de balde, se ben o aforo estará limitado para cumprir con todas as medidas de seguridade e prevención contra a expansión da COVID-19. As persoas interesadas deberán reservar a súa praza remitindo un a solicitude a emprego@boqueixon.com.



MARKETPLACE
Concello de Boqueixón

O espazo de venda en liña onde caben todos os comercios do municipio

 

Aproveita as posibilidades que as novas tecnoloxías te ofrecen para facer despegar o teu negocio

REUNIÓN EXPLICATIVA

Lugar: Casa da Cultura de Camporrapado
Día: 15 de marzo
Hora: 20.00 horas

Imprescindible inscrición previa en emplego@boqueixon.com

AFORO LIMITADO

RESPECTA A NORMATIVA    

Convocado o VII Certame de Relatos 'Xosé Neira Vilas'

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Xosé Neira Vilas e o CPIP Antonio Orza Couto, vén de convocar o VII Certame de Relatos Xosé Neira Vilas. O obxectivo desta iniciativa é potenciar a lectura e a creatividade literaria entre escolares, ademais de fomentar valores como a liberdade, o respecto e a tolerancia.

O certame está dirixido a rapaces e rapazas de Boqueixón ou que cursen estudos no municipio

dende 3º de Primaria e para toda Secundaria. A admisión de traballos finalizará o vindeiro 16 de abril e deberanse entregar nas instalacións da biblioteca municipal ou no CPIP Antonio Orza Couto.

Establécense tres categorías: escolares de 3º e 4º de Educación Primaria; alumnos e alumnas de 5º e 6º de Primaria, e estudantes de Educación Secundaria. A extensión mínima dos relatos será de 40 liñas para os/as para

a primeira e segunda categorías e de 60 liñas no caso da terceira.

Cada participante poderá presentar un único relato, de temática libre. Os traballos serán propios e inéditos, escritos a ordenador. O texto escribirase en galego e debe conter unha historia orixinal –real ou ficticia– podendo incluír ilustracións.

Para garantir o anonimato, o relato irá identificado coa categoría á que opta e un pseudónimo (nunca

o nome real). A ficha de participación cos datos correspondentes irá nun sobre pechado que estará grampado ao texto.

Establécense tres premios por cada unha das categorías. O 1º posto, valorado con 125 € en material escolar; o segundo, con 100 €, e o terceiro, con 75 €. As persoas vencedoras tamén levarán cadanseu diploma e o libro editado cos traballos presentados a este sétimo certame literario.

Anacos do noso

De como a unión veciñal gañou a batalla en Ponte Ledesma

Boqueixón agocha historias, anécdotas, persoeiros e recunchos con moito por contar. Por iso, estreamos esta sección na que achegaremos detalles sobre anacos da memoria do noso presente e do noso pasado. Estes 'Anacos do noso' falarán sobre fitos, efemérides ou personaxes salientables que marcaron a evolución ou que deixaron pegada no concello.

Este mes ofrecemos unha viaxe no tempo ata principios do século XIX. Ponte Ledesma, ese lugar coñecido polo seu paso medieval ten moito máis que contar alén das pedras... Foi o escenario de excepción dun fito histórico no que se comprobou como a unión veciñal fai a forza e, neste caso, a victoria.

Os feitos ocorreron en marzo de 1809, durante a Guerra da Independencia. As tropas napoleónicas fixéranse co poder en todas as capitais provinciais de Galicia. Conscientes da importancia de Ponte Ledesma como espazo estratéxico, decidiron atacar esta zona para facerse co seu control. Este lugar atopábase nas rutas comerciais entre Ourense e Santiago, polo que resultaba de grande interese para manter o poder.

Co que non contaban os soldados galos foi coa valentía, a unión e as gañas da veciñanza da Xunta de Trasdeza. Organizáronse rapidamente para enfrontarse ao batallón que se estaba a achegar a Ponte Ledesma. Aquelas persoas en idade de tomar as armas (entre 16 e 45 anos, segundo os rexistros documentais da época) uníronse para declararlle a guerra ás tropas francesas.

A premisa estaba clara: non pasarían da ponte, non controlarían o lugar e non os someterían ao seu réxime. E estaban en disposición de dar a súa vida para conseguir tal



Imaxe dunha representación da batalla na que a veciñanza venceu ás tropas napoleónicas. Foto: Xesús Fariñas

fin. Dirixidos polo comandante Gregorio Martínez, uns 2.000 veciños e veciñas comezaron a facer acopio de materiais para 'plantarse' ante os soldados do xeneral Bonaparte. Non tiñan nin canóns nin pistolas, pero si ferramentas que sabían utilizar moi ben: sachos, fouciños, gadañas, paus, pedras... Calquera elemento que puidese servir como arma para afastar aos franceses do lugar.

O xoves 9 de marzo de 1809, nas inmediacións de Ponte Ledesma, o 'exército' veciñal do Trasdeza estaba preparado para a inminente batalla que marcaría un fito na historia do lugar. Segundo indican as crónicas da época, "apenas quedarán en las casas de toda la jurisdicción más que los niños, viejos y enfermos". Toda a



Monólito na honra da valentía da veciñanza, nunha das entradas da ponte

veciñanza estaba xunta para loitar.

Os soldados franceses -afamados por ser os mellores da Europa da época- avanzaban cara a ponte. Alí os agardaba o batallón de Trasdeza. A veci-

ñanza loitou con todas as súas forzas para frear este avance. Foron moitas as mortes derivadas desta cruenta batalla, mais acadouse unha sonada victoria: o exército de labregos logrou dobregar ao exército napoleónico, que non tivo máis remedio que retirarse destas terras, recoñecendo, así, a súa derrota.

Como lembranza daquela heroicidade, e coincidindo coa conmemoración dos 200 anos daquela batalla, colocouse na entrada da ponte de Ledesma un monólito doado por un descendente daqueles valentes labregos. Nel pódese ver a seguinte lenda: "En lembranza dos patriotas que venceron ás tropas de Napoleón en 1809, na Batalla de Ponteledesma, dirixidos pola Xunta de Trasdeza".

Nova edición do programa Semana Activa

Semana Activa é un programa lúdico-educativo que facilita a conciliación laboral e familiar durante as vacacións de Semana Santa. O desenvolvemento das actividades terá lugar nas instalacións municipais do Forte e no CPIP Antonio Orza Couto, coa adopción de todas as medidas de seguridade e prevención contra a expansión da COVID-19.

Datas: 29, 30, 31 de marzo e 5 de abril

Horario: entrada de 09.00 a 10.00 horas e saída, de

13.30 a 14.00 horas.

Persoas destinatarias: Escolares de Educación Infantil e Primaria empadroados/as en Boqueixón e alumnado matriculado/a nun centro educativo do municipio.

Inscripcións: O prazo de inscrición estenderase do 8 ao 12 de marzo. Deberase remitir a ficha de solicitude e a documentación (dispoñible na web municipal) a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente) ou de xeito presencial no rexistro municipal

Bonificacións

Casos de emerxencia social, unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM (537,84€) ou outra situación valorada tecnicamente polo Dpto. de Servizos Sociais.	100%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM (806,76€).	60%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM (1.344,6€).	30%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM (2.151,36€).	15%
Condición de familia numerosa xeral.	30%
Condición de familia numerosa especial.	40%

(sempre con cita previa).

Prazas: 16, que se adxudica-

rán por orde de inscrición.

Custo: 20 euros.

AXENDA DO MES DE MARZO

Venres
5

Obradoiro *CoñecendoAs*

Instalacións de O Forte
De 15.30 a 17.15 horas
De balde - Prazas limitadas
Programa do CIM polo 8M.
Actividade dirixida ao alumnado de 1º e 2º de Primaria.
Inscripcións no 981 513 115 ou en cim@boqueixon.com.

Luns
8

Presentación da campaña *No camiño da igualdade*

Os Concellos de Boqueixón, Touro e Vedra aúnan esforzos e, de forma conxunta, visibilizan e conmemoran o Día Internacional da Muller (8M) coa difusión de lonas idénticas en todas as Casas Consistoriais. Posterior reparto de material de sensibilización entre a poboación de cada un dos municipios participantes.

Venres
12

Obradoiro *Non me chames princesa*

Instalacións de O Forte
De 15.30 a 17.15 horas
De balde - Prazas limitadas
Programa do CIM polo 8M.
Actividade dirixida ao alumnado de 3º e 4º de Primaria.
Inscripcións no 981 513 115 ou en cim@boqueixon.com.

Luns
15

Reunión explicativa do Marketplace de Boqueixón

Casa Cultura Camporrapado
20.00 horas
De balde - Aforo limitado
Charla sobre o proxecto de creación e xestión dun espazo en liña para a venda de produtos dos comercios do municipio de Boqueixón.
Requerida inscrición previa en emprego@boqueixon.com.

Domingo
21

Teatro: De Ste Xeito presenta *Running*

Casa Cultura Camporrapado
18.00 horas
De balde - Aforo limitado
Reserva de entradas ata o 18 marzo en cultura@boqueixon.com ou no 981 513115.
Colabora: Deputación provincial Coruña.

Venres
26

Obradoiro *Igualdade Express*

Instalacións de O Forte
De 15.30 a 17.15 horas
De balde - Prazas limitadas
Programa especial do CIM con motivo do 8M.
Actividade dirixida ao alumnado de 3º e 6º de Primaria.
Inscripcións no 981 513 115 ou en cim@boqueixon.com.

Venres
26

Obradoiro *Scape School*

Instalacións de O Forte
De 18.15 a 20.00 horas
De balde - Prazas limitadas
Programa do CIM polo 8M.
Actividade dirixida ao alumnado de Educación Secundaria.
Inscripcións, no 981 513 115 ou en cim@boqueixon.com.

Domingo
28

Teatro: obra *Tabú*, de Tarabela Creativa

Casa Cultura Camporrapado
18.00 horas
De balde - Aforo limitado
Reserva de entradas ata o 26 marzo en cultura@boqueixon.com ou no 981 513115.
Colabora: Deputación Coruña.

Días
29, 30
e 31

Semana Activa

Instalacións de O Forte
De 09.00 a 14.00 horas
20 € - Prazas limitadas
Programa de conciliación para alumnado de Infantil e Primaria.

e en abril...

Luns
5

Semana Activa

Instalacións de O Forte
De 09.00 a 14.00 horas
20 € - Prazas limitadas
Programa de conciliación para alumnado de Infantil e Primaria.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com